

ORDENANZA FISCAL Número 28

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE PRODUTOS DERIVADOS DO MATERIAL CARTOGRÁFICO MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamento e obxecto

De conformidade co previsto nos artigos 41 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei reguladora das facendas locais), este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de venda de produtos derivados do material cartográfico municipal.

Artigo 2º.- Réxime dos prezos públicos

O prezo público rexerase polas normas contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da que será supletorio o título III da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, conforme ao que establece a disposición adicional sétima desta.

Artigo 3º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do presente prezo público, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten os produtos derivados do material cartográfico municipal especificados no artigo 4º.- Contía.

Artigo 4º.-Contía

O importe do prezo público determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

-Cartografía (spf 10,00 Ha) en CD:	17,07 €
-Ortofotografía (spf 10,00 Ha) en CD:	17,07 €
-Cartografía escala 1/1000 en papel normal A-3:.....	6,82 €
-Cartografía escala 1/1000 en papel normal tamaño A-1:	22,74 €
-Ortofoto escala 1/1000 papel fotográfico tamaño A-3:	17,07 €
-Ortofoto escala 1/1000 papel fotográfico tamaño A-1:	68,22 €
-Ortofoto escala 1/8000 de todo el municipio:	204,66 €.

Artigo 5º.- Obriga de pagamento

- 1.- A obriga de pagamento do prezo público, nace coa presentación da solicitude, na que se identificará o tipo de produto que se solicita e o formato de expedición.
- 2.- Esta solicitude deberá ser presentada no Rexistro municipal ou vía fax, acompañando o xustificante acreditativo do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza.
- 3.- A solicitude presentarse conforme o modelo normalizado que figura no anexo desta ordenanza, no que o solicitante se compromete a non realizar por si mesmo, ou por terceiros, ningún tipo de copia, reprodución ou cesión total ou parcial da copia.
- 4.- Para os efectos da xestión tributaria e recadatoria, o Concello crearase un listado automático informático de produtos expedidos e listados recadatorios.

Artigo 6º.-Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e nos seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- Faise constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 25 de setembro do 2008, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 285 do día 12 de decembro do ano 2008.

Modificacións plenarias:

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro do 2014.

Por Pleno de data 26 de outubro do 2017 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 246 de data 29 de decembro do 2017.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 235 de data 11 de decembro do 2019.